

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 29 DE MARZO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se regula o rexistro de demandantes de solo empresarial de promoción pública da Comunidade Autónoma.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Fene, para a construción dun punto limpo para os concellos de Fene e Cabanas (A Coruña), por importe de douscentos sesenta e tres mil oitocentos cincuenta e un euros con vinte e tres céntimos (263.851,23 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol para dotar de equipamento escénico o auditorio de Ferrol.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondentes á Orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e

se procede á súa convocatoria (código procedemento IN619A), por importe de un millón cen mil euros (1.100.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, para o desenvolvemento do programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), correspondente á anualidade 2012 (para as empresas con data de entrada no programa anterior ao 1 de xaneiro de 2011), por importe de corenta e nove mil novecentos oitenta e catro euros (49.984,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, para o desenvolvemento do Programa de Seguimento PIPE, correspondente á anualidade de 2012 (para as empresas con data de entrada no programa anterior ao 1 de xaneiro de 2011), por importe de vinte e sete mil setecentos cincuenta euros (27.750,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia, para o programa de Estabilización 2012, por un importe total de un millón douscentos oitenta e oito mil catrocentos once euros con cincuenta céntimos (1.288.411,50 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de mellora da estrada provincial OU-0303, Val de Pereira-Ourense sobre a que cualifica o monte veciñal en man común Coto de San Cibrao e Cima da Costa de Beliño, pertencente á comunidade de montes de Santo André no concello de Ribadavia, Ourense. Superficie total de afección: 7.725,01 m<sup>2</sup>.
- Acordo polo que se valida o expediente de gasto xerado pola execución de traballos por determinadas entidades nas cualificadas como "zonas C", en outubro de 2011.
- Acordo polo que se valida o expediente de gasto xerado pola execución de traballos por determinadas entidades nas cualificadas como "zonas C", en novembro de 2011.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de inclusión social de Galicia.
- Informe sobre o Plan 500 en materia de emprego.

## **O GOBERNO GALEGO APROBA O NOVO RÉXIME XURÍDICO DA RADIODIFUSIÓN EN GALICIA**

- ***O Decreto aprobado adapta a regulación autonómica sobre comunicación radiofónica á normativa estatal***

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao novo réxime xurídico da radiodifusión en Galicia. Deste xeito, substitúese a antiga normativa galega en materia de comunicación radiofónica, que data de 1989, e adécuase a regulación ao establecido na Lei de comunicación audiovisual do ano 2010.

A normativa estatal en materia de comunicación audiovisual experimentou unha fonda transformación coa entrada en vigor da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual. Esta norma dálles aos servizos de comunicación audiovisual categoría de servizos de interese xeral, e establece a posibilidade de explotar as emisoras de radiodifusión baixo réxime de licenza -en troques de en réxime concesional como ata agora- sempre e cando se empregue o espectro radioeléctrico. Ademais, pódese recorrer ao sistema de comunicación previa, sen necesidade de licenza, nos casos en que a explotación do servizo se faga a través de medios electrónicos sen empregar o espectro radioeléctrico, por exemplo o cable.

A nova norma recolle as suxestións e observacións feitas polo Consello Consultivo de Galicia sobre o texto inicial. O decreto clasifica e distingue os prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada que realicen comunicacións comerciais, os servizos públicos de comunicación audiovisual prestados por entidades locais e os servizos de comunicación audiovisual comunitarios ou sen ánimo de lucro.

O decreto aprobado hoxe polo Goberno galego establece o procedemento que se seguirá para outorgar as licenzas para a prestación do servizo de comunicación radiofónica. Así mesmo, introduce como novidade a creación do Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual que, consonte o establecido na Lei estatal, ten por obxecto a inscrición de todos os servizos de comunicación tanto radiofónicos como televisivos.

## **O REXISTRO DE DEMANDANTES DE SOLO EMPRESARIAL CONVERTERASE NO INSTRUMENTO PARA PRIORIZAR OS NOVOS PARQUES QUE SE CONSTRÚAN EN GALICIA**

- ***O Consello autorizou hoxe o decreto polo que se regula a súa creación e funcionamento***
- ***Os datos que ofrezca o Rexistro posibilitarán basear a construción de novos parques en función da demanda real existente, considerándose demanda suficiente cando esta acada o 30% da superficie de uso industrial ou comercial prevista.***
- ***Permitirá levar a cabo actuacións onde verdadeiramente sexan necesarias e coas características que os demandantes precisen para as súas empresas.***
- ***O Rexistro será aplicable aos parques empresariais que desenvolvan o IGVS e as súas sociedades de xestión***
- ***Os demandantes inscritos obterán beneficios respecto daqueles que non formalicen a súa inscrición, como a adxudicación directa das parcelas ou a bonificación do 5% no prezo definitivo de venda.***
- ***A Xunta tramita actualmente o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, cuxa aprobación definitiva se prevé despois do verán de 2012, e que ten como obxectivo principal planificar as actuacións ata 2024***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se regula a creación e funcionamento do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública, que nace co obxectivo principal de constatar e acreditar a demanda real de solo empresarial existente en Galicia e, como consecuencia dela, priorizar as actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e as sociedades e organismos pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia dedicados á promoción de solo empresarial.

A creación do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública será un instrumento de gran eficacia tanto para a Administración pública como para os demandantes de solo empresarial.

Por unha parte, co Rexistro dotarase o IGVS e as sociedades públicas dependentes deste dun instrumento que permita priorizar o desenvolvemento das actuacións incluídas no Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia, actualmente en tramitación, ou as que se acorden iniciar ao amparo dos planeamentos municipais naqueles concellos que carezan de actuacións ou con superficie industrial insuficiente ou inadecuada para as necesidades previstas.

Por outra banda, o rexistro ofrece aos demandantes de solo empresarial unha canle pola que transmitir as súas demandas de solo á Administración autonómica, de xeito que as promocións de solo empresarial que execute a Xunta de Galicia respondan ás

necesidades manifestadas polos empresarios e permitan adecuarse a elas, levando a cabo actuacións onde verdadeiramente sexan necesarias e coas características que os demandantes precisen para as súas empresas.

O rexistro incluirá exclusivamente as actuacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e as empresas públicas Xestur e abrirase cando estea aprobado definitivamente o Plan Sectorial de Ordenación Áreas Empresariais de Galicia, actualmente en tramitación. Tamén se poderá abrir, por resolución do director xeral do IGVS, para as actuacións que na data de entrada en vigor deste decreto estean en tramitación ou execución, unha vez que o instrumento urbanístico ou de ordenación do territorio sexa aprobado definitivamente. Finalmente, para parques alleos ao Plan Sectorial abrirase por resolución do director xeral do IGVS.

### **Inscrición**

Poderán solicitar a inscrición como demandantes de solo empresarial as persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver unha actividade empresarial e estean interesadas en acceder a unha superficie de solo empresarial de promoción pública.

Na solicitude indícarase a superficie que se demanda, a actividade, os postos de traballo que se prevé crear e o prazo previsto para o inicio da actividade, e xunto con ela aboarase unha cota de inscrición, en función da superficie solicitada, e terá un importe de 1€/m<sup>2</sup> de superficie solicitada, cun mínimo de 1.000 euros, cando a superficie sexa ata 15.000 m<sup>2</sup>. Para solicitudes de maior superficie, o importe será de 1 €/m<sup>2</sup> para os primeiros 15.000 m<sup>2</sup> máis 0,50 €/m<sup>2</sup> para a superficie que exceda desta.

Poderase solicitar a devolución desta cota se pasa máis dun ano entre a notificación de inscrición e o inicio da actuación.

A inscrición no rexistro terá vixencia dun ano e será renovable.

### **Vantaxes para os demandantes**

A solicitude de inscrición no Rexistro de demandantes de solo empresarial supón as seguintes vantaxes para os demandantes:

- Adxudicación directa das parcelas.
- Bonificación do 5% no prezo definitivo de venda aos adxudicatarios procedentes do rexistro.
- Adaptación da superficie e localización dentro do parque ás necesidades do demandante.
- Elección de parcela en función da antigüidade da inscrición.
- Garantías de prazos de execución e entrega das parcelas.

### **Actuacións de solo empresarial**

Os datos que achegue o rexistro de demandantes serán tidos en conta polo IGVS e as Xestures para priorizar as súas actuacións, considerándose que existe demanda suficiente cando esta acada o 30 por cento da superficie de uso industrial ou comercial prevista, tendo que superar a demanda os 15.000 metros cadrados.

O desenvolvemento de cada solo empresarial con demanda acreditada polo rexistro iniciárase por resolución do director xeral do IGVS. Durante o proceso de desenvolvemento do solo empresarial, os demandantes deberán incrementar a súa cota de inscrición e asinarán un compromiso de compra da superficie solicitada. Todas as cantidades achegadas polos demandantes serán devoltas a estes cando non se poida formalizar a escritura de compravenda dentro do prazo previsto por causa imputable ao IGVS ou as súas entidades instrumentais, ou cando o prezo definitivo resulte superior en mais dun 20% ao fixado con carácter mínimo estimativo.

### **Plan de Solo Empresarial**

A Xunta de Galicia tramita actualmente o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, que foi declarado de incidencia supramunicipal polo Consello da Xunta o pasado 7 de decembro e cuxa aprobación definitiva se prevé despois do verán de 2012.

O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia ten como obxectivo principal a planificación das actuacións de solo empresarial que se poderán executar en Galicia ata 2024, sempre tendo en conta a demanda real de solo que se produza en cada comarca galega e que será comprobada a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, cuxo decreto de creación foi aprobado hoxe. A demanda real de solo servirá para priorizar as actuacións previstas no Plan e o momento de acometelas.

Desta maneira, o Plan Sectorial servirá para cuantificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial e definir os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións de carácter empresarial para cubrir as necesidades de solo empresarial a longo prazo.

De acordo co modelo territorial establecido polas Directrices de Ordenación do Territorio, o plan trata de compatibilizar o desenvolvemento de solo empresarial en Galicia coa defensa do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural, mediante a avaliación da viabilidade de cada unha das actuacións previstas e a análise da capacidade de acollida de todo o territorio galego.



O Plan Sectorial busca cubrir os déficits de solo empresarial, tratando de reducir os desequilibrios intercomarcais. A cobertura de déficits realízase pola seguinte orde:

- 1.- Na propia comarca deficitaria mediante as actuacións en tramitación e en estudo previstas no Plan 2009-2015 ou actuacións doutros promotores.
- 2.- Os déficits non cubertos no apartado 1 cóbrense nas comarcas adxacentes que presentan superávit.
- 3.- Os déficits non cubertos nos apartados precedentes cóbrense mediante a delimitación de novo solo.



## **A PROVINCIA DA CORUÑA SUMA 50 PUNTOS LIMPOS COA CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA INFRAESTRUTURA QUE DARÁ SERVIZO MANCOMUNADO AOS CONCELLOS DE FENE E CABANAS**

- *O Executivo autonómico achegará case 265.000 euros, o 100 % do investimento total, para esta dotación que dará servizo aos veciños de Fene e Cabanas*
- *O punto limpo de Fene-Cabanas permitirá o depósito e clasificación dos residuos urbanos que requiren unha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade, para que se separen os residuos xerados nos fogares que son un risco para o medio ambiente ou a saúde, coma os aceites, pilas e pinturas, entre outros*
- *No total de Galicia o número de puntos limpos ascenderá aos 134, dos cales 124 están construídos, tres en fase de construción, outros tantos aprobados recentemente polo Consello da Xunta e catro en licitación ou pendentes de adxudicación*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Fene para a construción dun punto limpo que dará un servizo mancomunado aos cidadáns do concellos de Fene e Cabanas e que estará instalado no Polígono de Vilar de Colo. Deste xeito, a provincia da Coruña sumará un total de 50 puntos limpos coa construción desta nova infraestrutura.

Para esta actuación, o Executivo autonómico achegará case 265.000 euros, o 100 % do total do investimento, co fin de executar estas obras de carácter ambiental, que suporán unha importante mellora na xestión de servizos desta área empresarial da provincia da Coruña.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais que, con este, constará de 134 destas infraestruturas no conxunto da Comunidade. Destes puntos, 124 xa se atopan construídos, tres en fase de construción (Castro Caldelas, O Pereiro de Aguiar e O Carballiño), outros tantos aprobados por Consello da Xunta (na semana anterior foron o de Cervo, na provincia de Lugo, e o de Mos, na de Pontevedra, aos que se suma hoxe Fene-Cabanas) e 4 están en fase de licitación ou pendentes de adxudicar (San Cibrao das Viñas, Vila de Cruces, Porto do Son e Vilamartín de Valdeorras).

Na provincia da Coruña, no que vai de legislatura, construíronse dous puntos limpos nos concellos de Melide (2009) e Negreira (2011) e puxéronse en marcha outras 3 instalacións que permanecían pechadas nos concellos de Curtis, As Somozas e Sobrado dos Monxes.

### **Punto limpo**

O punto limpo de Vilar de Colo permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos que requiren dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade, co fin de que se separen os residuos xerados nos fogares que representan un risco para o ambiente ou a saúde, coma os aceites, pilas e pinturas, entre outros elementos.

Así mesmo, trátase de evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reutilización e reciclaxe. Esta instalación beneficiará directamente os veciños dos concellos de Fene e Cabanas, polo que ademais do tecido empresarial desta zona, esta estrutura beneficiará a máis de 17.000 habitantes.

### **Calidade de vida**

Nesta instalación depositaranse aqueles materiais que, polas súas características, non se poden tirar nos contedores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros moitos. Así mesmo, poténcianse accións como a recuperación e reciclaxe; evitar a vertedura incontrolada de entullos e voluminosos; e lograr almacenar, en condicións de seguridade e saúde, os residuos perigosos co fin de protexer o ambiente.

Con este tipo de actuacións, o departamento que dirixe Agustín Hernández destina recursos para levar a cabo distintas obras que teñen como obxectivo principal a mellora da calidade de vida dos cidadáns galegos e, ao mesmo tempo, protexan o ambiente.

A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RSU) e traballa co fin de implicar neste propósito aos concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte. Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sostible dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Esta progresiva incorporación dos concellos galegos a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer accións como estas, que logran unha restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA COMPLETAR O EQUIPAMENTO ESCÉNICO DO AUDITORIO DE FERROL**

- ***O custe total do equipamento ascende a preto de 885.000 euros, dos que 575.000 serán achegados pola Xunta de Galicia e 309.000 euros pola Deputación da Coruña a través dun convenio co Concello de Ferrol***
- ***O proxecto inclúe a colocación de estruturas de apoio, maquinaria escénica, vestido escénico, sistemas de iluminación e electrónica***
- ***A Xunta de Galicia investiu preto de 15 millóns de euros na execución do auditorio de Ferrol, obra que foi desbloqueada polo actual Goberno galego e rematada tras estar parada máis de dous anos***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Ferrol para o equipamento do auditorio construído na cidade departamental.

O convenio establece que o custo total deste proxecto ascende a preto de 885.000 euros, dos que 575.000 euros serán achegados pola Xunta de Galicia (400.000 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e 175.000 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e 309.000 euros pola Deputación da Coruña a través dun convenio co Concello de Ferrol. O municipio ferrolán será o encargado de contratar, executar, dirixir, controlar e recibir as obras.

O proxecto de equipamento inclúe a colocación de estruturas de apoio, maquinaria escénica, vestido escénico, sistemas de iluminación e electrónica en xeral.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia investiu preto de 15 millóns de euros na execución do auditorio de Ferrol, obra que foi desbloqueada polo actual Goberno galego e rematada tras estar parada máis de dous anos. A superficie construída aproximada é de 7.000 m<sup>2</sup>.

A acústica do recinto foi proxectada por unha das máis prestixiosas enxeñarías acústicas de España. Conta cun sistema que permite adaptar as condicións acústicas da sala ao seu uso.

Agás as citadas dotacións escénicas, que serán obxecto do citado convenio, o auditorio ten o resto dos seus equipamentos necesarios xa instalados, como as butacas para 900 espectadores e o equipamento escénico incluído no proxecto: solo desmontable do escenario, pano cortalume, megafonía, voz e datos.

## **A XUNTA FACILITA AOS CONCELLOS A MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA CON ANTICIPOS DE ATA UN 80% PARA AS OBRAS DE SOTERRAMENTO DAS LIÑAS**

- ***Na lexislatura, máis de 85 concellos terán posto en marcha obras de soterramento das liñas eléctricas, cun orzamento total de máis de 11,5 millóns***
- ***A Xunta eleva a contía máxima dos investimentos destinados a estes proxectos, que pasan do 5% do orzamento total ata o 35% que poderán alcanzar a partir de agora***
- ***O obxectivo é reforzar o apoio aos concellos para o seu desenvolvemento na situación económica actual***

A Xunta de Galicia continúa a facilitar a mellora da subministración eléctrica e o desenvolvemento dos concellos galegos a través da liña de axudas da Consellería de Economía e Industria que apoia o soterramento das liñas eléctricas. De xeito que, tendo en conta a situación económica dos concellos, o Consello da Xunta autorizou o pagamento de anticipos de ata o 80% do gasto destes investimentos, para facer posible que os municipios poidan levar a cabo estas obras de mellora que deberán estar rematadas a finais deste ano.

Co obxectivo de pór ao dispor dos municipios galegos as maiores facilidades para o desenvolvemento destas infraestruturas, Economía e Industria dispón que os soterramentos das liñas eléctricas poderán alcanzar unha porcentaxe da subvención de ata o 80%, apoiando por primeira vez a obra eléctrica, ademais da obra civil. Na orde correspondente a 2012, a Xunta elevou tamén a contía máxima dos investimentos destinados a estes proxectos, que antes soamente podían alcanzar o 5% do orzamento total da orde e agora poderán chegar ata o 35%.

Coa resolución desta convocatoria da Xunta, máis de 85 concellos terán posto en marcha obras de soterramento das liñas eléctricas, cun orzamento total de máis de 11,5 millóns de euros postos ao dispor dos concellos galegos.

Desde o comezo da lexislatura, a Xunta de Galicia aplicou a máxima transparencia á concesión destas axudas que se convocan, por terceira vez, en réxime de concorrencia competitiva, establecendo uns criterios obxectivos para a súa concesión, nos que se valoran criterios técnicos e sociais como o tipo de actuación, a tensión da liña, a proximidade a centros de interese social ou o número de habitantes dos concellos.

Ademais da mellora da subministración eléctrica, das características técnicas destas infraestruturas e da súa seguridade, estas obras supoñen tamén beneficios sociais que contribúen ao desenvolvemento dos concellos galegos, nun momento en que cómpre reforzar o apoio aos municipios.

## **A XUNTA APROBA NOVOS APOIOS AO PLAN PIPE PARA QUE 70 PEMES GALEGAS COMECEN A SÚA INTERNACIONALIZACIÓN E SE CONSOLIDEN COMO EXPORTADORAS**

- ***O Plan Pipe ten apoiado preto de 200 pemes galegas con máis de 9 millóns de euros desde 2009***
- ***Economía e Industria colabora co Instituto Español de Comercio Exterior, o Consello Superior de Cámaras de Comercio e as Cámaras de Comercio de Galicia para incrementar o número de empresas galegas exportadoras regulares e estables***
- ***O Consello da Xunta autorizou novas achegas para os dous programas: o de iniciación das pemes á internacionalización e o de seguimento e consolidación, ambos cunha duración de dous anos***
- ***O eixe específico de apoio á internacionalización, que alcanzará en 2012 os 76 millóns de euros postos ao dispor das empresas galegas neste eido, supón un incremento do 55% en comparación co anterior período de goberno***

A Xunta de Galicia continúa a impulsar a internacionalización do comercio galego cun apoio centrado nas pequenas e medianas empresas que apostan pola exportación para favorecer o seu crecemento. Neste contexto, o Consello da Xunta autorizou dúas novas achegas da Consellería de Economía e Industria ao programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (Pipe), destinadas a apoiar a introdución nos mercados internacionais e á consolidación como empresas exportadoras de preto de 70 pemes galegas.

A Xunta colabora co Instituto Español de Comercio Exterior, o Consello Superior de Cámaras de Comercio e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia no desenvolvemento do Plan Pipe, co obxectivo de conseguir aumentar o número de empresas galegas exportadoras regulares e estables. Deste xeito, o Plan Pipe ten apoiado preto de 200 galegas con máis de 9 millóns de euros, desde 2009.

As achegas aprobadas no Consello están destinadas a apoiar os dous programas do Plan Pipe: por unha banda o de iniciación e pola outra o de seguimento, cunha duración de dous anos cada programa. O primeiro está destinado ás pemes que non exportaron nunca ou o fixeron de xeito excepcional, co fin de apoialas na súa saída de cara ao exterior, con axudas que poden alcanzar ata os 36.800 euros, mentres que o obxectivo do segundo programa é conseguir que as empresas que participaron no programa Pipe se consoliden como exportadoras estables, favorecendo o traballo continuado e a implantación dos produtos e marcas nos mercados exteriores, con axudas de ata 10.000 euros.

O Goberno galego continúa a desenvolver a súa estratexia a prol da internacionalización coas achegas destinadas a este programa de apoio individualizado ás empresas, ofrecendo unha visión integral deste proceso, na que queda incluído o necesario seguimento das empresas como exportadoras estables.

Estas iniciativas están incluídas no primeiro eixe específico de apoio á internacionalización que existe na Administración galega, deseñado desde a Consellería de Economía e Industria. Así, ao peche do exercicio, a consellería alcanzará os 76 millóns de euros postos ao dispor das empresas galegas neste eido, ao longo de toda a lexislatura, o que supón un incremento do 55% en comparación co anterior período de goberno.



## **CULTURA E EDUCACIÓN ACHEGA PRETO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS COMO INCENTIVO POLA ESTABILIZACIÓN DE 10 INVESTIGADORES NAS UNIVERSIDADES GALEGAS**

- ***O departamento dirixido por Vázquez Abad dá axudas ás universidades para a totalidade do persoal investigador que estabilizou entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de febreiro de 2012***
- ***Educación apoia de novo os esforzos de incorporación de investigadores ao sistema universitario, para potenciar a súa competitividade e a renovación xeracional***
- ***A Consellería inviste preto de cinco millóns de euros como apoio ás políticas das universidades galegas, que incorporaron 38 investigadores de alto nivel ao seu persoal desde o 1 de xaneiro de 2010***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará preto de 1,3 millóns de euros para financiar a contratación de 10 investigadores nas tres universidades galegas, co fin de incentivar a incorporación estable nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) de novo persoal docente con perfil marcadamente investigador.

Con esta iniciativa, á que deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad amosa unha vez máis o seu firme apoio á estabilización do persoal docente investigador, o que contribúe á renovación xeracional. A contratación destes investigadores supón, ademais, un avance a prol da calidade do SUG, no marco dos obxectivos do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015.

De feito, o devandito plan recolle no seu Reto 1, a “captación, formación e retención de talento”, estratexia desenvolvida no Eixe estratéxico 1 ‘Xestión do Talento’, co fin de captar e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento. Desta forma, a consellería considera que son precisamente os investigadores de excelencia científica, formados nas universidades galegas, os mellores recursos humanos para facer avanzar o sistema galego de I + D + i.

A través dun convenio asinado coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVigo), cada unha delas recibirá un incentivo por unha cantidade equivalente a tres anos de salario dun profesor titular de universidade por cada investigador contratado na súa universidade. Os postos de traballo acollidos a este convenio son todos aqueles nos cales tanto a data de contrato ou nomeamento como a de incorporación efectiva están comprendidas entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de febreiro de 2012, e que finalizaron previamente o seu quinto ano do contrato do Programa Parga Pondal, contando coa acreditación Manuel Colmeiro.



Desde a asunción das competencias sobre os programas de investigación das universidades no pasado mes de xuño, este é xa o segundo convenio de colaboración entre as universidades galegas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. En conxunto, significa un desembolso de preto de cinco millóns de euros como compensacións ás universidades pola estabilización de 38 investigadores de alto nivel desde o 1 de xaneiro de 2010 ao 1 de febreiro de 2012.

Ademais, optouse pola vía de convenios de colaboración e non polas convocatorias competitivas, o que significa que as universidades reciben os cartos por todos os investigadores incorporados.

Con esta iniciativa, a Xunta de Galicia segue apostando por incorporar talento investigador de alto nivel nos cadros de persoal das universidades, a prol da construción dunha universidade galega que sexa o motor dunha Galicia do futuro, que deberá estar baseada no coñecemento, a investigación e a innovación.

## **A XUNTA APROBOU A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL VAL DE PEREIRA-MASIDE**

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende terreos do monte veciñal en man común de Coto de San Cibrao e Cima da Costa de Beliño, pertencente á comunidade de Santo André, no municipio ourensán de Ribadavia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de mellora da estrada provincial OU-0303 Val de Pereira-Maside sobre a que cualifica o monte veciñal en man común Coto de San Cibrao e Cima da Costa de Beliño, pertencente á comunidade de montes de Santo André, no concello ourensán de Ribadavia.

O Servizo Provincial de Montes en Ourense comprobou que a superficie que se vai expropiar é moi pequena e non implica ningún dano ás formacións forestais existentes na zona, debido a que a mellora será aplicable nunha estrada xa existente, o cal permitirá tamén mellorar as comunicacións e a seguridade viaria na zona noroeste da provincia de Ourense. A superficie de afección é de 7.725,01 metros cadrados.

A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar, á vista de toda a documentación do expediente, propuxo emitir informe favorable sobre esta prevalencia en virtude do artigo 6 do Regulamento da lei de montes veciñais en man común.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA OS PAGAMENTOS CORRESPONDENTES ÁS TAREFAS DE REXENERACIÓN DE ZONAS C DOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO**

O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos correspondentes aos traballos de rexeneración de zonas catalogadas como C correspondentes aos meses de outubro e novembro para as confrarías da Coruña, Ferrol e Barallobre.

As cantidades que se van remitir ás confrarías polos labores de rexeneración das zonas C supoñen máis de 197.300 euros corresponden á confraría da Coruña máis de 63.600 euros, á de Ferrol máis de 72.500 euros e aos de Barallobre máis de 61.100 euros.

Estes traballos desenvólvanse para compensar os mariscadores por non poderen traballar nesas zonas. Precisamente, para recuperar a actividade marisqueira habitual sen ter que depender de subvencións, o departamento que dirixe Rosa Quintana puxo en marcha a comezos de xaneiro o Plan de reinstalación de moluscos procedentes de zona C. Con este sistema de depuración natural, a Xunta busca que estes traballadores pasen a depender dos ingresos da súa actividade, como o resto dos mariscadores de Galicia.

Así, as tres bateas instaladas na actualidade – 2 en Ferrol e 1 en Aldán- depuran naturalmente a ameixa procedente de zonas das cales non estaba permitida a súa extracción, para poder comercializarse en fresco con todas as garantías. Antes da posta no mercado, o Intecmar realiza unhas análises sobre este marisco para comprobar que está nunhas condicións óptimas para o consumo.

A Consellería do Medio Rural e do Mar estima que o sistema de reinstalación permitirá recuperar en Galicia unha produción dunhas 450 toneladas anuais máis de moluscos bivalvos que xerarían arredor de 6 millóns de euros de valor no mercado.

## **A NOVA LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL, ACORDADA NO DIÁLOGO SOCIAL, ENTRARÁ EN TRÁMITE PARLAMENTARIO NO PRIMEIRO PERÍODO DE SESIÓNS**

- ***Este anteproxecto foi ratificado como acordo do diálogo social o pasado mes de xaneiro***
- ***Substituirá a Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social***
- ***Unha das súas principais novidades é que articulará unha nova Risga (renda de integración social de Galicia), que pasará a ser flexible e modular para adaptarse a cada caso***
- ***Dividirase en tres tramos: tramo persoal e familiar, de inserción, e de transición ao emprego***
- ***Outro aspecto fundamental é que aproveita as sinerxías entre os servizos sociais e de emprego, co fin de dotar as persoas dun itinerario de inserción laboral coherente e único***
- ***Realizarase unha diagnose de empregabilidade da persoas, que se seguirán con accións de orientación***
- ***Establece, por primeira vez, a compatibilidade con traballos esporádicos, co fin de incentivar o acceso a un emprego***
- ***Elimínase o máximo de 4 anos como perceptores, ao tempo que se reducen os prazos de tramitación***

A nova Lei de inclusión social de Galicia, que foi ratificada como un acordo do diálogo social o pasado mes de xaneiro, entrará no seu trámite parlamentario neste primeiro período de sesións, tal e como se dá conta no informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta sobre esta normativa e sobre o estado da súa tramitación.

Este novo texto substituirá a Lei 9/1991 de medidas básicas para a inserción social e situarase á vangarda das novas directrices europeas. Así, o seu obxectivo é crear unha política de inclusión verdadeiramente integradora e acorde coa Estratexia europea 2020.

Para conseguilo, entre outras novidades, o texto articulará unha renda de inclusión social de Galicia (RISGA) –que cambiará a súa denominación de “integración” a “inclusión”- que será “flexible e modular”. Co fin de poder adaptarse a cada caso, dividirase en tres tramos distintos, e farase un especial fincapé na vocación integradora e de inclusión laboral desta axuda.

Con este fin, reforzaranse as sinerxías entre a área de inclusión social e do emprego para crear un itinerario de inserción “único e coherente”. Este reforzamento dáse, fundamentalmente, por dúas vías. Así, no eido propio da prestación, promóvese o fomento do acceso ao mercado de traballo ao asegurar ao beneficiario unha contía a maiores se cumpre un itinerario de inserción laboral. E, por outra banda, as oficinas de

emprego e o persoal de orientación e intermediación pasarán a xogar un papel decisivo neste dispositivo.

Neste sentido, cabe destacar que unha das grandes novidades será que se realizará unha diagnose de empregabilidade da persoas, que se seguirán con accións de orientación. Para iso, os servizos sociais comunitarios traballarán de maneira coordinada co persoal técnico de orientación laboral do Servizo Público de Emprego. Tamén se subscribirá un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade no segundo tramo, o de inserción.

Con este mesmo fin de busca da inserción, a RISGA faise por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. Deste xeito, garántese que a persoa nin abandone o seu proxecto de inserción, nin renuncie á realización do traballo, nin tampouco recorra á economía somerxida. Actualmente, cando accedían a traballos de ingresos inferiores á prestación descontábanse estes ingresos.

#### **División en tres tramos**

A RISGA artículase en tres tramos distintos: o persoal e familiar; o de inserción; o de transición ao emprego.

En primeiro lugar, a través do denominado tramo “persoal e familiar” garántese unha contía mínima para a cobertura das necesidades básicas da persoas, que se relaciona co compromiso de manter un proxecto de inserción social.

Esta contía é anual e prorrogable. Ata agora existía un prazo máximo de 4 anos que agora se elimina. Ademais, esta prestación é ampliable no caso da presenza de maiores ou de menores de idade na unidade familiar. Neste caso, o beneficiario terá que cumprir un acordo de integración socioeducativa dos menores conviventes. É a primeira vez que se inclúe como tal o compromiso dunha intervención concreta con menores.

O segundo tramo é o de “inserción”. Neste caso, o beneficiario percibe unha contía a maiores da do tramo persoal e familiar, co fin de estimular o seu acceso a un emprego. Este tramo terá unha duración de ata 18 meses. Para ser beneficiario deste tramo, é necesario cumprir un itinerario orientado á inserción laboral, con accións formativas.

Por último, a nova RISGA abrirá un tramo de transición ao emprego. Consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo por parte do beneficiario. A contía vai diminuindo gradualmente ata extinguirse.

Grazas a estes tramos, dáse resposta ás disfuncións que se viñan detectando na actual RISGA e que foron avaliadas tanto por profesionais da Administración autonómica e local como por expertos do terceiro sector, así como polo Diálogo Social.

Así, unha das disfuncións detectadas é a cronificación da situación de exclusión social, a través das prórrogas sucesivas da percepción da RISGA. Detectouse, tamén, a perda de vinculación do beneficiario co proxecto de inserción. Isto producíase porque todos – independentemente do caso- asinaban un proxecto de inserción para percibir a renda, pero non todos estaban en condicións de cumprilo pola súas circunstancias persoais e sociais, polo que o proxecto de inserción acabou perdendo valor e eficacia.

Coa división en tres tramos, permítese que aqueles beneficiarios que non estean en condicións de cumprir un proxecto de inserción permanezan no tramo persoal e familiar e, pola súa banda, incentívase a incorporación a estes proxectos permitindo a recepción dunha contía a maiores para aqueles que pasen ao segundo tramo.

Deste xeito, agás no tramo básico, todas as contías que recolle a nova Lei de Inclusión son maiores ca as que se viñan recibindo ata o de agora: son maiores tanto os complementos por outros conviventes, como as contías adicionais para fomentar a inserción.

Outra das disfuncións que se detectou, e que se soluciona coa nova Lei de Inclusión, é que actualmente na práctica se penalizaba a realización de traballos esporádicos ou accións formativas, porque a percepción da RISGA se reducía ou se suspendía neste caso. Isto levaba moitos beneficiarios a renunciaren a estas actividades de inserción ou mesmo a agochalas da Administración. Coa nova normativa, os tramos de inserción e de transición do emprego son compatibles cos accesos parciais a determinados traballos, así como tamén se establece a compatibilidade con prestacións económicas de contía menor ca das pensións non contributivas.

En definitiva, a Lei considera os beneficiarios non como os meros perceptores dun subsidio, senón como suxeitos capaces de superar esas situacións, aos cales hai que motivar, incentivar e apoiar para que o fagan.

### **Outros aspectos**

A nova Lei de Inclusión reduce tamén os prazos de tramitación. Ademais, a nova norma regulará tamén outros aspectos como as axudas de emerxencia social (AES), que agora pasan a denominarse axudas de inclusión social (AIS).

Neste senso, é preciso destacar que as futuras AIS estarán destinadas, non só como ata o de agora, a sufragar situacións de grave emerxencia, senón que financiarán tamén actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medias de apoio dos diferentes tramos da Renda de Inclusión Social de Galicia. Para favorecer a

súa eficacia, as persoas perceptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

As axudas de inclusión social, como ata o de agora, estarán destinadas a posibilitar que as persoas cunha grave situación económica continúen habitando na vivenda habitual cando este feito favoreza o proceso de inclusión; a mellorar a habitabilidade da vivenda habitual; ao equipamento do mobiliario básico da vivenda ou axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.

No texto, tamén se fomentan as empresas de inserción laboral e o seu recoñecemento, así como a adopción doutras medidas de inclusión social como as accións de discriminación positiva nas políticas activas de emprego.



## **A XUNTA PON EN MARCHA UN PROGRAMA PARA OPTIMIZAR AS POLÍTICAS DE EMPREGO DOS CONCELLOS QUE BENEFICIARÁ PRETO DE 40.000 PERSOAS**

- ***Esta iniciativa conta cun orzamento de preto de 30 millóns de euros e enmárcase na estratexia conxunta da Xunta de Galicia para promover a cooperación entre concellos e na procura da máxima eficiencia na xestión dos recursos públicos***
- ***Os concellos que opten a esta liña de axudas teñen que ter rexistrado no ano 2011 unha media de paro superior ás 500 persoas***
- ***Aqueles concellos que non alcancen esta cifra poderán concorrer ás axudas uníndose con outros concellos limítrofes para cursar a súa solicitude***
- ***A iniciativa vai impulsar a cooperación directa do 70% dos concellos para ser beneficiarios das liñas de axuda***
- ***A iniciativa materialízase en catro liñas de actuación: a orde para o desenvolvemento de actividades dirixidas a información, orientación e busca de emprego; os programas integrados; os programas mixtos de formación e prácticas laborais; e os axentes de emprego e desenvolvemento local***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á posta en marcha por parte da Consellería de Traballo e Benestar do Plan 500, dirixido á optimización das políticas de emprego nos concellos. Conta cun orzamento de preto de 30 millóns de euros e poderán beneficiarse del ao redor de 40.000 persoas.

Este plan integral, innovador e con vocación de permanencia, enmárcase na estratexia conxunta da Xunta de Galicia para promover a cooperación entre concellos na prestación de servizos e na procura da máxima eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Os seus obxectivos fundamentais pasan por impulsar e fomentar a colaboración entre concellos, dar prioridade a aqueles territorios que máis están a sufrir a problemática do desemprego e establecer unha vinculación máis efectiva entre as políticas activas de emprego e a inserción laboral.

Deste xeito, esta iniciativa asegura que os maiores esforzos da Administración autonómica en materia de emprego recaian sobre os concellos que máis o necesitan, pero sen deixar desatendidos o resto de concellos galegos.

O nome do plan ten que ver cun requisito básico que deben cumprir os concellos que queiran beneficiarse del e que consiste en que tiveran no ano 2011 unha media de paro rexistrado superior ás 500 persoas, ben que aqueles que desexen optar ás liñas de financiamento recollidas no Plan e non alcancen esta cifra poderán concorrer ás axudas uníndose con outros concellos limítrofes para cursar a súa solicitude.

Así mesmo, no caso de que esa unión sexa de dous concellos, a suma de paro rexistrado de ambos terá que ser superior aos 500 parados, mentres que as unións que impliquen tres ou máis concellos non terán a obriga de superar esa barreira dos 500 desempregados.

Trátase dun plan que vai impulsar a cooperación directa do 70% dos concellos para ser beneficiarios destas liñas de axuda, tendo en conta que só o 30% dos concellos de Galicia superou a media de 500 desempregados rexistrados no ano 2011. Una actuación en liña coa estratexia do Goberno de Galicia que promove a colaboración entre concellos para garantir o mantemento dos servizos públicos.

Ademais, fixaranse criterios que primen as axudas para os territorios que máis están a sufrir o problema do desemprego. Así, terán unha prioridade moi alta os concellos cunha media de paro rexistrado en 2011 de máis de 2.000 traballadores, que experimentasen un crecemento superior ao 50% no paro rexistrado desde 2008 ata 2011, ou sufrisen en 2011 un ERE extintivo que teña suposto un incremento superior ao 15% na media do paro dese municipio.

Ademais terán unha prioridade alta aquelas solicitudes dos concellos que tivesen unha media de paro rexistrado en 2011 superior a 1.000 traballadores ou que experimentasen un crecemento superior ao 35% no paro rexistrado desde 2008 ata 2011.

Así mesmo, valoraranse aqueles concellos que acaden unha maior vinculación entre os programas de emprego e a inserción laboral dos traballadores, de xeito que nas próximas convocatorias van ter prioridade aqueles concellos que consigan que unha maior porcentaxe dos participantes nos programas de emprego acaden posteriormente un traballo.

### **Liñas de axudas incluídas no Plan 500**

Esta iniciativa materialízase en catro liñas de actuación: a orde para o desenvolvemento de actividades dirixidas a información, orientación e busca de emprego; os programas integrados; os programas mixtos de formación e prácticas laborais; e os axentes de emprego e desenvolvemento local.

A orde de 'Información, orientación e busca de emprego' financia actividades dirixidas por técnicos que se encargan de elaborar diagnoses individualizadas das necesidades dos desempregados, deseñan itinerarios personalizados, proporcionan información sobre o mercado de traballo e sobre a oferta de accións de formación. Conta cun orzamento para concellos de 4,3 millóns de euros e estímase que os beneficiarios serán máis de 34.000 persoas.

Os programas integrados buscan a inserción laboral dos participantes a través dun tratamento que combina accións como a orientación, a formación, a práctica laboral e a

mobilidade xeográfica. A orde prevese que conte cun orzamento para concellos de 2,2 millóns de euros e beneficie ao redor de 1.800 persoas.

Os programas mixtos conxugan unha formación de calidade con prácticas laborais. Inclúen escolas obradoiro (destinadas a persoas desempregadas menores de 25 anos) e obradoiros de emprego (dirixidas a desempregados maiores de 25 anos). Terá un orzamento duns 18 millóns de euros e ao redor de 2.000 beneficiarios.

Os axentes de emprego e desenvolvemento local teñen como función principal a implantación das políticas activas de emprego e a xeración de postos de traballo no contorno local e rural. Esta orde terá un financiamento de 4,3 millóns de euros e estímense 185 beneficiarios directos.